

## ANEXO II (folia 1)

## DECLARACIÓN EXPRESA DO SOLICITANTE

D/Dª \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_, en representación do concello \_\_\_\_\_

**DECLARA EXPRESAMENTE:**

1) Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

“2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
  - b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, encontrarse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
  - c) Ter dado lugar, por causa de que fosen declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
  - d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
  - e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
  - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
  - g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
  - h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.
- Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos puntos 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das cales se suspendese o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4º da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en virtude da cal se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.”

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación e Industria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicado.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200 \_\_\_\_

(Selo e sinatura)

*Orde do 16 de maio de 2006 pola que se establecen as bases para a concesión de axudas destinadas a financiar iniciativas dos concellos de entre 6.000 e 35.000 habitantes, no ámbito da sociedade da información, en réxime de concorrencia competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para 2006.*

A Consellería de Innovación e Industria, no ámbito das competencias que lle atribúe o Decreto 552/2005,

do 20 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en materia de desenvolvemento da sociedade da información, pon á disposición dos concellos de Galicia, de tamaño intermedio, no que se refire ao seu número de habitantes, unha liña de axudas que facilite o seu acceso á sociedade da información e, en concreto, para a posta en marcha de portais de comunicación cidadá.

Con este apoio procúrase aproveitar a experiencia das iniciativas galegas acollidas ao programa Cida-

des Dixitais e estender a rede de concellos implicados. As accións terán como beneficiarios os concellos que por volume demográfico ocuparen unha posición intermedia na xerarquía territorial de Galicia, e onde o tecido asociativo tiver consistencia suficiente para soste e dinamizar os portais cidadáns.

A iniciativa pretende dotar de recursos financeiros a concellos galegos de tamaño intermedio para que poidan impulsar novas dinámicas sociais no ámbito da sociedade da información, a partir das leccións aprendidas nas experiencias pioneiras realizadas ao abeiro do programa Cidades Dixitais nos concellos da Estrada, Vilalba e As Pontes de García Rodríguez.

Os obxectivos que se pretenden lograr refírense basicamente a dous aspectos:

Aumento do capital asociativo consolidando as organizacións de participación veciñal mediante o acceso ás TIC e o artellamento dunha comunidade cidadán virtual máis inclusiva.

Sostemento de novos soportes dixitais de interrelación a través da creación de portais cidadáns como espazos de información, intercambio e relación das asociacións e os veciños postos ao servizo da dinamización económica, social e cultural local.

As axudas que se convocan concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

Con esta finalidade e no uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde ten por obxecto a aprobación das bases reguladoras para a concesión de axudas públicas destinadas a financiar iniciativas dos concellos no ámbito da sociedade da información e a creación de portais cidadáns, en réxime de concorrencia competitiva, na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para 2006.

#### Artigo 2º.-Aplicacións orzamentarias.

Para a concesión das axudas, propias das actuacións que se convocan para o exercicio de 2006, que terán a modalidade de subvención, destinaranse os créditos globais correspondentes á aplicación orzamentaria que se menciona, coa seguinte distribución nos exercicios orzamentarios de 2006 e 2007:

Aplicación	Denominación	Ano 2006	Ano 2007
10.04.712B.760.0	Desenvolvemento de novos servizos TIC nos entes locais.	600.000 €	300.000 €

Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coas disponibilidades de crédito.

#### Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha poboación superior a 6.000 habitantes e inferior ou igual a 35.000 habitantes, segundo o seu rexistro de empadramento na data de solicitude de axuda, e que realizaren os investimentos que se relacionan no artigo 4º desta orde.

Os beneficiarios deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión así como os demais que se prevexan nesta orde. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales concorrer algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. A acreditación de non estar incursos nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

#### Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

As axudas irán dirixidas á creación de portais informativos, que serán mantidos polas asociacións cidadáns, e que se configurarán como espazo de comunicación accesible e aberto á participación de todos os veciños. A través da internet, os cidadán e as súas asociacións, crearán contidos do seu interese e ocuparanse do mantemento informativo do portal.

O portal cidadán, construído sobre a base do software libre, terá o galego como lingua vehicular, e integrará como mínimo, os seguintes aspectos:

-Espazos para dar a coñecer o capital asociativo do concello, as súas actividades e canles de participación na vida da localidade.

-Ferramentas -chats, taboleiros de anuncios, foros, correo electrónico, ...- que acrecentarán a capacidade de interrelación comunitaria.

-Información consonte os diversos centros de interese -ofertas e demandas de emprego, acceso á vivenda, información sobre xestións en liña na Administración local, autonómica ou estatal, ou calquera outros recursos que poidan ser encanados para mellorar as condicións de vida e o benestar social comunitario dos veciños do concello-.

-Información básica sobre o acceso ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

#### Artigo 5º.-Gastos subvencionables.

Serán subvencionables os custos de deseño e realización do portal, así como os gastos de mantemento e hospedaxe durante un ano.

Terán a consideración de subvencionables aqueles investimentos que de xeito indubitado responderen á natureza da actividade presentada na solicitude, e se realizaren no prazo establecido por esta convocatoria de axudas.

Considerarase gasto realizado o que for efectivamente pagado dentro do prazo de finalización do período de xustificación.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Cando o importe do gasto subvencionable superar a contía de 12.000 euros no suposto de prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á xustificación da subvención, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o prestaren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegouse xunto coa memoria de xustificación, se realizará conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Artigo 6º.-Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, podendo acadar o custo total da actividade proposta.

Artigo 7º.-Criterios de avaliación.

Os criterios de avaliación que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión das axudas, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

\* Que o concello teña páxina web dinámica.

\* Que o concello teña páxina web estática.

\* A calidade do proxecto presentado, con especial aproveitamento das experiencias que deron lugar aos proxectos de Cidades Dixitais da Estrada, Vilalba e As Pontes de García Rodríguez, atendendo aos seguintes aspectos:

-Adecuación aos obxectivos e actuacións da convocatoria.

-Grao de definición e maduración do proxecto.

-Calidade técnica e grao de innovación do proxecto.

-Impacto social (creación de emprego, medidas ambientais, fomento da igualdade de xénero, integración de colectivos desfavorecidos).

\* Plan de formación proposto.

Artigo 8º.-Ámbito temporal.

Poderán acollerse á presente orde as actuacións que se describen no artigo 4º, sempre que se realicen

no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data de xustificación dos investimentos establecida no artigo 17º desta orde.

Artigo 9º.-Contía das axudas.

As axudas poderán acadar con carácter xeral unha contía máxima do 75% do investimento subvencionable para cada proxecto, cos límites seguintes por beneficiario:

O importe máximo total subvencionado para cada concello será de 60.000 € repartido en dúas anualidades do seguinte xeito:

-Para os traballos realizados no exercicio orzamentario de 2006: 40.000 €.

-Para os traballos realizados no exercicio orzamentario de 2007: 20.000 €.

Artigo 10º.-Solicitudes e documentación.

As solicitudes formalizaranse no modelo recollido como anexo I desta orde, debendo xuntar a seguinte documentación, que deberá ser orixinal ou copia compulsada:

1. Certificación do número de habitantes do concello expedido polo rexistro de empadramento, na data da solicitude de axuda.

2. Certificado do acordo de aprobación, polo correspondente órgano municipal, do investimento e da solicitude de subvención.

3. Fotocopia cotexada do CIF do solicitante.

4. Memoria descritiva da actuación que se for desenvolver de conformidade coa presente orde e prazo de execución.

5. Orzamento detallado das actuacións e coa correspondente desagregación do IVE.

6. Declaración doutras axudas solicitadas, obtidas ou que prevé solicitar para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais. A obtención destas axudas deberá comunicarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos. Esta declaración axustarase ao modelo recollido como anexo II desta orde.

7. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no número 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Esta declaración axustarase ao modelo recollido como anexo II desta orde.

De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

non será necesario presentar a documentación xurídica administrativa que xa se atope en poder desta consellería, sempre que se mantiver vixente e se identificar nos formularios de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada; esta identificación leva consigo a autorización para que o órgano xestor teña acceso a esta documentación.

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre protección de datos de carácter persoal, a Consellería de Innovación e Industria garante a confidencialidade dos datos recollidos na documentación establecida para as solicitudes de axuda.

#### Artigo 11º.-Presentación de solicitudes e prazos.

1. O prazo para a presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 30 de xuño de 2006 (inclusive).

2. Para formalizar a solicitude, o interesado presentará a documentación sinalada no artigo anterior por duplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia), dirixida ao conselleiro de Innovación e Industria, no rexistro xeral dos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, no das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12º.-Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada for incompleta ou presentar erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixer se lle terá por desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e cos efectos previstos no artigo 42.1º da citada lei.

#### Artigo 13º.-Instrución do procedemento e selección das solicitudes.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información a instrución do procedemento de concesión de subvencións, que desenvolverá de oficio cantas actuacións estimar necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución poñerase de manifesto aos interesados para que, no prazo de 10 días aleguen e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Non obstante, poderase prescindir do trámite ao que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Con obxecto de cumprir o principio de concorrencia competitiva, conforme co disposto no artigo 3.1º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración que se axustará aos preceptos contidos no título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: o subdirector xeral de Desenvolvemento da Sociedade da Información.

-Dous vogais: un subdirector xeral e un xefe de servizo designados pola directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

-Secretario: un funcionario da dirección xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

A comisión poderá requirir o asesoramento de expertos externos.

Esta comisión tendo en conta os criterios de avaliación recollidos no artigo 7º emitirá un informe razoado en que se concrete o resultado da avaliación efectuada e elaborará a proposta de concesión. Neste informe incluírase unha relación ordenada dos proxectos que reuniren os requisitos para seren financiados, en que se incluírá unha proposta de orzamento para eles, e unha relación de proxectos non financiados, con indicación expresa dos motivos que concorreren.

#### Artigo 14º.-Resolución.

A proposta de resolución formulada pola comisión elevarase, a través do órgano instrutor, ao conselleiro de Innovación e Industria que ditará a resolución que proceder, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionable, e o importe subvencionado. Esta resolución poderá establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto.

Esta competencia delégase nos delegados provinciais de acordo co establecido no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia ata o límite dos créditos que se desconcentren.

O prazo máximo para resolver e notificar aos interesados a resolución expresa será de seis meses a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude. O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexítima o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

As resolucións de concesión serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

#### Artigo 15º.-Modificación da resolución.

Cando por circunstancias técnicas fose alterado o contido específico dos investimentos ou actuacións recollidas no proxecto inicial e as ditas variacións incidiren no investimento subvencionable, o beneficiario deberá solicitar a modificación con tempo suficiente para a súa avaliación antes do desenvolvemento do proxecto.

A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións, requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información.

#### Artigo 16º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios das axudas están obrigados a:

a) Acreditar a realización das actuacións para as que se solicita subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano outorgante, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

c) Comunicar ao órgano outorgante a solicitude ou obtención de axudas ou subvencións, para os mesmos gastos, procedentes de calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado.

d) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

#### Artigo 17º.-Xustificación do investimento.

O beneficiario terá de prazo ata o 10 de novembro, da anualidade que corresponda, para proceder á xustificación do investimento subvencionado.

Para o libramento da subvención, o beneficiario deberá presentar nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria a documentación xustificativa da realización do investimento que for obxecto de subvención. Poderase tamén presentar a través dalgunha das formas contempladas no artigo 38.4º

da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta documentación xustificativa, que se presentará por duplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia), constará dos seguintes documentos:

a) Solicitude de libramento da subvención (modelo dispoñible no enderezo da internet <http://www.xunta.es/conselle/in/index.htm> na epígrafe impresos).

b) Memoria en que se constate a execución da actividade realizada, e o enderezo da internet (URL).

c) Certificación acreditativa do investimento realizado.

d) Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

e) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento en calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado (modelo dispoñible no enderezo da internet sinalado na alínea a) deste artigo).

f) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento en que conste a razón social e o CIF da entidade subvencionada así como o ordinal bancario, código de banco, código de sucursal e código de conta corrente.

g) Calquera outro documento que for requirido durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

h) Documentación que acredite a publicidade do cofinanciamento da Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria.

#### Artigo 18º.-Pagamento das axudas.

A percepción da axuda terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación e Industria verificaren a documentación xustificativa, e, se é o caso, a materialización do cumprimento da realización do proxecto subvencionado e dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado tiver un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supuxer unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 19º.-Incompatibilidades. Concorrenza de axudas públicas.

As axudas reguladas na presente orde serán compatíbeis con subvencións ou axudas doutras admi-

nistracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sempre que, en ningún caso, o seu importe for de tal contía que, illadamente ou en concorrencia, superar o custo da actividade subvencionada, ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente for establecido.

#### Artigo 20º.-Reintegro da axuda.

Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos supostos contemplados no número 10º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable que se establecer.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

#### Artigo 21º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Os beneficiarios e os terceiros relacionados co obxecto da subvención ou a xustificación estarán na obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lles for requirida no exercicio das funcións de control que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como os órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro, que para este fin terán as facultades que lle outorga o pun-

to 11º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

#### Artigo 22º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

#### Artigo 23º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse:

a) Recurso potestativo de reposición, ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se producir o acto presunto, segundo for o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ou a partir daquel en que se producir o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

#### Artigo 24º.-Normativa aplicable.

En todo o non recollido na presente orde, aplicarase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do establecido na presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

## ANEXO I (folla 1)

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial e  
da Sociedade da Información

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DESTINADAS A FINANCIAR INICIATIVAS DOS CONCELLOS DE ENTRE 6.000 E 35.000 HABITANTES, NO ÁMBITO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN521E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO CONCELLO**

NOME		CIF	
ENDEREZO			PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX

**E na súa representación:**

NOME		NIF	
ENDEREZO			PROVINCIA
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX

**CARACTERÍSTICAS DO INVESTIMENTO**

DENOMINACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONABLE		
CONTÍA DO INVESTIMENTO	PORCENTAXE DE AXUDA	SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA

**DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE**

FORMULARIOS DA SOLICITUDE COMPOSTOS POR ANEXO I (2 follas) E ANEXO II (1 folla).	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
COPIA COTEXADA DO CIF DO REPRESENTANTE.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
CERTIFICADO DO ACORDO DA APROBACIÓN DO INVESTIMENTO.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
ORZAMENTO DETALLADO E CO IVE DESAGREGADO.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON
CERTIFICACIÓN DO Nº DE HABITANTES DO CONCELLO, SEGUNDO O ÚLTIMO CENSO.	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 16 de maio de 2006 pola que se establecen as bases para a concesión de axudas destinadas a financiar iniciativas dos concellos de entre 6.000 e 35.000 habitantes, no ámbito da sociedade da información, en réxime de concorrencia competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para 2006.*

SINATURA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE E SELO

de

de 200

## (A cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

/ /

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /



## ANEXO II (folla 1)

## DECLARACIÓN EXPRESA DO SOLICITANTE

D/Dª \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_, en representación do concello \_\_\_\_\_

## DECLARA EXPRESAMENTE:

1) Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos números 2 e 3 do artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

“2. Non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias seguintes, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe pola súa normativa reguladora:

- a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
  - b) Ter solicitado a declaración de concurso, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, encontrarse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a lei concursal sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
  - c) Ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, a resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
  - d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
  - e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
  - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
  - g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
  - h) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.
- Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 11 desta lei cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

3. En ningún caso poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora das subvencións reguladas nesta lei as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos puntos 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Tampouco poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as asociacións respecto das que se suspendese o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4º da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en virtude da cal se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.”

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación e Industria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicado.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200 \_\_\_\_

(Selo e sinatura)

*Orde do 22 de maio de 2006 pola que se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización para a instalación de parques eólicos.*

O Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu

artigo 15.1º que a consellaría competente en materia de enerxía convocará anualmente, mediante orde, a presentación de solicitudes para a instalación de parques eólicos, co obxecto de seleccionar os admitidos a tramitación.

Os criterios aplicables para a admisión a trámite son os establecidos no artigo 17 do citado decreto